

DATA	HORA	LUGAR	OBRA	GRUPO	CENTRO	DURACIÓN
Luns 19	12 h.	Rosalía	A can fraco todo son pulgas	Rosalía 1	IES Rosalía de Castro	45 min.
Luns 19	10,30 h.	Xelmírez I	Palabras	Aula de Teatro do CPI de Touro e do CPI de Vedra	CPI de Touro e CPI de Vedra	65 min.
Luns 19	12 h.	Xelmírez I	Fábrica de soños	Grupo de Teatro do CPI de Vedra	CPI de Vedra	60 min.
Martes 20	12 h.	Rosalía	Aires de vinganza	Rosalía 2	I.E.S. Rosalía de Castro	60 min.
Martes 20	10,30 h.	Xelmírez I	Ela imaxina	1º e 2º bacharelato	Colexio Manuel Peleteiro	45 min.
Mércores 21	12 h.	Rosalía	O espello da alma	Rosalía 3	I.E.S. Rosalía de Castro	60 min.
Mércores 21	10,30 h.	Xelmírez I	Os Figurantes	Tantometén	I.E.S. Antonio Fraguas	55 min.
Xoves 22	10,30 h.	Rosalía	O cachequító	A vaca que fala	I.E.S. Eduardo Pondal	50 min.
Xoves 22	12 h.	Rosalía	O home espido e o home do frac	Reviramoitos	I.E.S. Eduardo Pondal	50 min.
Xoves 22	10,30 h.	Xelmírez I	(hamlet) eu non son	Vai no dentista	I.E.S. Xelmírez I	50 min.
Venres 23	10,30 h.	Xelmírez I	O soño dunha noite de verán	Taller de Teatro	I.E.S. Pontepedriña	50 min.
Luns 19	10,30 h.	Escola de Maxisterio	O timo do Xocas	Máscara	CEIP López Ferreiro	10 min.
			Os gatos do 07	Grupo de Teatro 3ºB	CEIP López Ferreiro	10 min.
			Os mecánicos de contos	Grupo de Teatro do Colexio S. Jorge	Colexio San Jorge	25 min.
			O Peixe Arcoiris	Grupo de Teatro de 3º de Primaria	CEIP Pío XII	11 min.
Martes 20	10,30 h.	Escola de Maxisterio	O espantallo amigo	Catroteatro	CEIP Pío XII	20 min.
			A Lameira F.M.	A Lameira	CEIP Lamas de Abade	35 min.

O Xurado estará integrado polo público asistente e especialistas no eido teatral

A OBRA PREMIADA REPRESENTARASE NO  
TEATRO PRINCIPAL  
O DÍA 12 DE MAIO DE 2010 ÁS 20 HORAS

COORDENADORA DE EQUIPAS DE  
NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA DE SANTIAGO



**CONCELLO DE SANTIAGO**  
Departamento de Educación



XV certame  
de teatro

**intercentros**  
de compostela  
e comarca

**SALÓN DE ACTOS DOS INSTITUTOS  
ROSALÍA DE CASTRO E XELMÍREZ I  
E ESCOLA DE MAXISTERIO**

**19, 20, 21, 22 E 23 DE ABRIL DE 2010**

## ROSALÍA 1

I.E.S. Rosalía de Castro A CAN FRACO TODO SON PULGAS

Achegámonos ao día a día dunhas persoas que non teñen onde nin de que vivir. Comprobamos como en certas ocasións teñen que recorrer ás súas propias fantasías para escapar da crúa realidade. Artimañas, enganos, todo vale neste mundo de loita pola supervivencia. Cando as circunstancias nos superan e a esperanza comeza a fraquear, só nos queda tirar do sentido do humor.

## ROSALÍA 2

Aula de Teatro do C.P.I. de Touro e do C.P.I. de Vedra PALABRAS

Palabras é un espectáculo creado polo alumnado de Educación Secundaria do C.P.I. de Touro e do C.P.I. de Vedra a partir dun traballo de corpo e improvisación. A perspectiva que predomina é sempre a dos adolescentes, que irán amosando as súas inquiredanzas ao longo de toda a peza.

## C.P.I. DE VEDRA

Grupo de teatro do C.P.I. de Vedra FÁBRICA DE SOÑOS

Fragmentos de soños e liberdades de dicir nas que se entremete Hamlet. Creacións nas que o mundo se cria desde os ollos adolescentes, contemporáneos, coterráneos, con ironía, alegría, ritmo, diversión, crítica, dor, xogo e poesía. Unha presentación dinámica na que as escenas se intercalan e tornan ao público tecedor e destecedor de temas próximos.

## ROSALÍA 2

I.E.S. Rosalía de Castro AIRES DE VINGANZA

Un pobo arruinado. O retorno de Claire, unha popular dama residente no pobo cando moza, pode ser a salvación desta xente. A esperanza está posta en Hans, antigo noivo da señora, do que todos esperan que consiga “sacarlle uns millonciños”. Nada máis doado pois os millóns para ela non son máis que uns patacóns a sorpresa producírase cando a dama exprese as condicións para que a doazón se leve a cabo.

## 1º E 2º

### BACHARELATO

Colexio Manuel Peleteiro ELA IMAXINA

Eu sei que se deixo de imaxinar e de contar historias pode acontecer unha catástrofe, xa o sei, nin mo recorden; mais como me encontrei con tantas cousas, ao mellor non volve pasarme nada durante un tempo aínda que deixo de imaxinar un anaco... Aínda que agora se hei dicirlles a verdade, o que máis medo me produce de deixar de imaxinar historias é que se peche o pano, que é a tapa desta caixa, e vostedes queden fóra e eu dentro. Dentro e fóra.

## ROSALÍA 2

I.E.S. Rosalía de Castro O ESPELLO DA ALMA

Cando dúas persoas se queren non precisan das palabras para entenderse. Elisa e á súa tía Amparo comunícanse por medio da mirada; son, a todas luces, “diferentes”. Calquera sabe que as persoas normais non poden facer iso, polo menos así o cre o pai da nena, que intenta apartala da mala influencia da desequilibrada tía. Unha carta de América que non chega, un tesouro que non aparece, unha palabra imposible de pronunciar; estes son os elementos que tecerán esta inquietante trama.

## TANTOMETÉN

IES Antonio Fraguas Fraguas OS FIGURANTES

Ao longo dos séculos, os figurantes foron personaxes sen voz nin voto nas funcións teatrais, simples espectadores de intrigas, amoríos e vinganzas sen fin. Pero que pasaría se os figurantes, fartos desta obrigada pasividade, decidisen un bo día rebelarse contra os protagonistas?

## A VACA QUE FALA

I.E.S. Eduardo Pondal O CACHEQUITO

Unha peregrina leva o misterioso "cachequitó" camiño de Santiago pero pérdeo nunha reviravolta do seu camiñar. Unha banda de ladróns, tan malvados coma torpes, e o mesmísimo demo, alíanse para revelar o misterio misterioso. Pero a peregrina contará, tamén, coa axuda da asisada señora Amable e dunha escéptica vaca.

## REVIRAMOITOS

I.E.S. Eduardo Pondal O HOME ESPIDO E O HOME DO FRAC

Dous varredores atopan unha noite a un home espido. Por alí pasa tamén unha "muller da rúa" e unha policía municipal. E o "home do frac" vendendo flores. Con estes sinxelos vimbios monta o gran comediógrafo Darío Fo unha peza de humor que fai tanto rir como pensar.

## VAI NO DENTISTA

I.E.S. Xelmírez I (HAMLET) EU NON SON

Seu pai asasinado. Súa nai casada co asasino. Un espectro que esixe vinganza. Por enriba de todo está a dúbida. O que queremos e o que debemos facer. A eterna pregunta de si estamos no correcto, traspasa as fronteiras do tempo extrapolándose as decisións cotiás. Eu, nin son, nin quero ser. Hamlet.

## TALLER DE TEATRO

I.E.S. Pontepedriña O SOÑO DUNHA NOITE DE VERÁN

Aínda que o mundo dos mortais pareza tremendamente complicado coa súa rede de amores correspondidos e non, as relacións entre pais e fillos, entre os poderosos e os humildes... tampouco o mundo dos seres da noite está falto de dificultades. E isto vai quedar demostrado nunha noite con moita trasfega de San Xoán.

## MÁSCARA

CEIP López Ferreiro O TIMO DO XOCAS

Adaptación do conto de Ánxel Fole: de como o Xocas deu o timo do sobre a dous atracadores. Ao funeral de Crisanto de Aspai chega tarde o seu compadre o Xocas que conta as súas aventuras.

## GRUPO DE TEATRO

3º B CEIP López Ferreiro OS GATOS DO 07

Os gatos do 07 aprenden a compartir a sardiña cos gatos do 3º mundo.

## GRUPO DE TEATRO

DO COLEXIO SAN JORGE Colexio San Jorge OS MECÁNICOS DOS CONTOS

Os irmáns Colorín, Colorado e Rematado son os mecánicos de contos. Eles son os responsables de arranxar as versións orixinais dos contos clásicos deteriorados polo paso do tempo. Rematado, o irmán máis novo e atolado, leva esta responsabilidade con moita paixón e pouca precaución. Os seus actos terán consecuencias...

## 3º DE PRIMARIA

CEIP Pío XII O PEIXE ARCOIRIS

Arcoiris é o peixe máis fermoso de todo o océano. Un día achégase a el un peixiño pequeno que lle pide unha das súas brillantes escamas...

## CATROTEATRO

CEIP Pío XII O ESPANTALLO AMIGO

O Tío Ramón de Reborneda ten unha figueira ao pé da casa. Un día un fato de merlos deu cos figos e o tío Ramón decide colocar un espantallo. O espantallo acaba sendo amigo dos merlos e axuda a convivencia de todos os habitantes da aldea.

## A LAMEIRA

CEIP Lamas de Abade A LAMEIRA F.M.

Trátase de representar un programa de radio que ten como fío condutor diversas situacións relativas ao uso da lingua galega. Entrevístase a un medidor de palabras, preséntasenos a primeira boneca que fala en galego, conéctase coa oficina de obxectos perdidos onde alguén vai buscar a lingua que perdeu, preséntasenos un método para aprender galego, etc...